

As orixes da Parroquia

“Cada castro é a fortaleza dun clan, como cada igrexa é o santuario dunha parroquia”. (Ramón Otero Pedrayo, *Ensaio histórico sobre a cultura Galega*).

“O castro celta transformouse na “villa” romana, e esta é orixe da parroquia, célula de goberno e administración organizada arredor do campanario”. (Castelao. *Sempre en Galiza*).

Os membros da xeración Nós, e varios autores máis, defenden esta teoría de que alí onde había un castro levantouse un campanario. Esta teoría aplicable en moitas comarcas de Galicia, en canto á orixe da parroquia rural, sería tamén válida para a igrexa de O Buriz levantada no lugar da Graña e o lado dun dunha vía e dun cemiterio romano. O feito é que, despois do século II da nosa era, as xentes que vivían nos castros fóronse asentando nos vales e nas chairas estendendo ao campo as actividades agrícolas. Ao Buriz o cristianismo chegou moi cedo, probablemente entre fins do século IV ou comezos do quinto. Sen dúbida aquí emprazouse un pequeno continxente de militares, procedentes de Lugo, e puxeron a súa comunidade baixo a advocación de San Cibrán, lugar onde se asenta a poboación saída dos castros do Forno e da Abeleira.

Sabemos que o cristianismo asentouse en Lugo e todos os seus contornos nos primeiros séculos da era cristiá. Boa proba desto é o Crismón de Quiroga, ou o complexo arquitectónico de Temes, e mesmo o Santuario pagano-cristián de Santa Eulalia de Bóveda. A nosa parroquia debía ter unha poboación considerable nos seus castros, de tal xeito que chamou a atención dos romanos. Sabemos, por outra banda, que os soldados romanos transmitiron o Evanxeo en moitos lugares. A proba de que aquí, no noroeste da Hispania, existían unhas comunidades cristiás significativas está no feito que santo Agostiño, a mediados do século IV, escribelle unha carta ao bispo de Astorga para poñer orden nestas Igrexas.

A evolución da comunidade cristiá de O Buriz é a mesma que seguiron, en xeral, as parroquias rurais galegas arredor dos castros, moitos deles habitados ata o século III; logo xorden as “*villas*” romanas, explotacións agrícolas dirixidas por un importante dono ao mando do que traballaban a familia, servidores e algúns libertos. Unha ou varias “*vilas*” agrupadas constitúen unha parroquia, entendida como grupo social de convivencia nun mesmo territorio con nome propio onde levantaban un oratorio ou ermida para celebraren o culto relixioso. A nosa primeira Igrexa estivo dedicada a San Cibrao e seguro que nese tempo o territorio aínda non se chamaba parroquia de O Buriz.

O nome de Buriz aparece en diversos documentos do Mosteiro de Monfero, como “Oourit” nun documento do ano 1136, Oouriz, Oborit, Oouriz, Oboriz, etc... Sen dúbida se trata dun nome patronímico de orixe suevo. Habería, pois, que dicir que se trataba da “Villa Oborici”, sen dúbida un home rico dono destas terras. Tal nome debe de aparecer no século VI antes da chegada dos musulmáns a Galicia, os cales, nas súas correrías, adéntranse por toda Galicia e arrasan as propiedades dos naturais do país e dos suevos que se asentaran aquí non facía moito tempo. Algúns nomes hoxe existentes, por exemplo Fonte dos Mouros, fan posible que os árabes atravesaran estas terras deixando todo arrasado. Esta pode sela razón de que o novo centro da comunidade se traslade o que mais tarde se chamará a Graña e levanten alí unha capela baixo a advocación de San Pedro, capela que reconstruirá, en estilo románico, o mosteiro de Monfero para servizo dos seus foreiros e familias.

Igrexa-Parroquia

Ata os séculos XII-XIII en que se constitúe a organización parroquial nas nosas dioceses, sobre todo coa lexislación do Papa Inocencio III no Concilio IV de Letrán (1215), é máis frecuente falar de igrexa que de parroquia, así aparece no documento de permuta que fan o bispo de Mondoñedo, Aloito (1042-1047) e o bispo de Lugo, Pedro, nunha data que ata agora se dicía era o ano 1062 seguindo ao Padre Flórez na súa obra *España Sagrada*, pero que Cal Pardo di que tal documento tivo que estar firmado entre 1042 e 1047, datas en que foi bispo Aloito. Velaquí o significativo texto:

“El obispo Minduniense, Aloito, (Albito) con el consejo de los canónigos de San Martín, entrega a Pedro, obispo de Lugo, con sus canónigos, iglesias que tenía en tierras de Monterroso con sus familias y sus tributos, a saber, la iglesia que estaba en Abiancos, las que estaban en Dorra, las que se hallaban en Asma, todas ellas en la misma forma en que las poseía la iglesia de Mondoñedo. Como contraprestación, el obispo de Lugo entrega al de Mondoñedo las iglesias que tenía en tierras de Balestari (Bestar?). A saber: La iglesia de Santa Eulalia de Duancos, la iglesia de Munderiz (Mondriz), la iglesia de Ludrio, la iglesia de Santa Eulalia de Dompín, la de Santiago de Duaria (Duarría), la iglesia de Luentena (Loentia), la de Santiago de Iustanes (Xustás), la de Santa María de Triavada (Triabá), la de Santa María de Superata (Sobrada), la de San Pedro de Tabuloni (Taboi?), la de San Julián de Malones (Mos?), la de San Martín de Lamas, la de Santa María Balestari (Bestar), la de Santa Eulalia de Arcillana, (Arcillá), la iglesia de Damir (Damil), San Salvador de Damir, Santiago de Felmir, Santa María Alta, Santa María de Trobano, la iglesia de Gavoli (Gaibor), Santiago de Bogonti (Illán), San Pedro de Bogonti, San Lorenzo de Petroso, San Juan de Laureiros.

Ao final do documento faise saber que, como sobre estas *igrexas* sempre houbera liortas e para que os seus sucesores tivesen cada un firmemente e para sempre o que recibiran, outorgaban o presente documento. Fálase, como vemos, de igrexas, non de parroquias. O termo igrexa, do latín “ecclesia”, de orixe grego, designa nun principio a reunión da comunidade dos cristiáns e despois ao mesmo local onde se reunían. De *igrexa* en canto reunía aos seus *fillos* naceu a palabra *freguesía*, comunidade dos fillos da igrexa, que tivo uso moi continuado en séculos pasados e aínda se segue a usar. A partir do concilio de Trento (1545-1563) parroquia quere dicir territorio erixido pola autoridade eclesiástica con igrexa na que os fieis desa demarcación están confiados aos coidados espirituais dun sacerdote.

As igrexas privadas fundadas por particulares eran dotadas do necesario para o culto, incluídos os clérigos que eles mesmos nomeaban, segundo o principio de que “*abadaba quen fundaba*”, e aos que lles asinaban parte dos beneficios, quedándolle o resto ao propietario, como produto dun ben propio da casa ou do solar en que estaba edificada a igrexa. De aí nace o dereito de padroado no século XIII que substitúe ao entón dereito de propiedade, cando os bispos esixen que as igrexas para o culto sexan consagradas e aos propietarios se lles conceden en agradecemento dereitos de presentación e outros privilexios como rentas, enterramentos, décimos, etc.

A pesar de que o cristianismo chegou aquí cedo, a evanxelización no campo foi moi tardía. Os verdadeiros pastores eran os bispos que atendían nas cidades ás comunidades cristiás. Cando o cristianismo se foi introducindo nas comunidades que habitaban no campo, cousa que aconteceu no século IV coa ruralización do imperio romano, os bispos encomendaban a atención espiritual destes grupos a clérigos que actuaban no seu nome, e que, andando o tempo se lles encomenda a administración dos sacramentos reservados nos primeiros séculos ao bispo na “*Domus ecclesiae*” ou igrexa

episcopal. O bispo cumpría o deber de visitar estas igrexas e de vixiar o funcionamento das comunidades e a instrución dos seus clérigos. Aquí teñen a súa orixe a Visita pastoral e os Sínodos Diocesanos. No caso de O Buríz ata o século doce segue as pautas dunha igrexa propia, de Oborico?, e apartir do século XII quedará baixo o padroado de Monfero, o que a leva a ter hoxe unha amplísima documentación sobre os diversos aspectos da súa vida social e eclesial. Son miles de páxinas as que compoñen a colección documental de O Buríz, existente en moitos arquivos de Galicia, Madrid, Simancas, etc.

Dotación da parroquia

A partir do século V, e coa organización visigoda, a fundación dunha igrexa levaba consigo a obriga dunha dotación de bens arredor da mesma para o seu sostemento. Estes bens denominábanse “*destros*”, e abranguían unha extensión de terreo que nos séculos X e XI estaba regulamentado en 84 pasos, reservando os doce en torno á igrexa para cemiterio; o resto estaba destinado a adro, vivenda do rector, con horta e terra de cultivo para o sostemento do cura que a atendía. Logo eses bens fóronse incrementando por doazóns, herdanzas, ofrendas etc., que viñeron en constituír máis adiante os igrexarios.

A igrexa tamén recibía os décimos e primicias que teñen que ver cos froitos da terra nunha sociedade agrícola primitiva. Xa existía este mandato no antigo Testamento, pero cun sentido ben distinto: recoñecemento de que a terra é un ben de Deus e a El hai que ofrendarlle as primicias dos froitos e o reparto destes para os máis desfavorecidos. Esta práctica tamén se foi introducindo lentamente nas igrexas con carácter voluntario nos primeiros séculos: esmolas, doazóns, oblacións, ofrendas que os fieis piadosamente presentaban como voto ou cumprimento de promesa a algún santo ou en recoñecemento do señorío espiritual. Estas prácticas voluntarias foron recomendadas e convertidas en costume para os fieis que participaban dos sacramentos en cada igrexa, e de aí se pasou á práctica obrigatoria de axudar cunha parte dos froitos da terra. Esta práctica figuraba como obrigatoria xa no século XI. Estes beneficios que orixina unha igrexa serían en principio para atender á dotación e coidado do templo, unha parte para o cura servidor da comunidade e outra para a persoa ou institución que ostentaba o dereito de padroado ou presentación de clérigo de dita igrexa, andando o tempo os que exercían o padroado dunha freguesía máis que protexer e velar por ela o interese estaba posto en aproveitarse dos seus beneficios. Sen dúbida o sistema benefical foi a maior praga que padeceu a Igrexa perante séculos.

Parece que o dereito a uns beneficios actuou de aliciente en séculos pasados para a creación de novas igrexas por parte de señores civís cando papas e bispos se viron obrigados a contar con eles como protección en tempos difíciles da Idade Media. Nas nosas igrexas rurais aínda quedou por moito tempo resto dalgunha destas ofrendas piadosas de froitos en cumprimento de promesas a algún santo. No Buriz polos anos mil novecentos cincuenta e sesenta aínda se poxaban, con frecuencia, á saída da misa dominical, cestos de patacas e algúns froitos, cuncas de manteiga, algunha peza do porco, algún galo, etc., poxa que dirixía un veciño. Eu recordo a Nicolás da Coba e Xosé do Penedo na década dos cincuenta-sesenta. E algo parecido ocorría coas rogativas, os domingos da primavera e verán antes da misa parroquial, pedindo aos santos a protección dos campos e dos froitos. Cada casa pagaba, cada ano, medio ou un ferrado de cereal, trigo ou centeo, despois das colleitas de setembro. Aínda non queda tan lonxe o tempo en se recollían eses froitos que chamábase a “rogación”.

Sentirse parroquia

A parroquia rural galega é o único organismo vivo e representativo da vida social, cultural e relixiosa do campesiño. Os poderes civís nunca lle recoñeceron personalidade xurídica aínda que si se aproveitaron da súa funcionalidade. Esta asociación natural dos veciños dentro duns límites xeográficos determinados crea uns lazos afectivos e de cohesión do grupo baseados en normas, costumes e xeitos de vivir que vigorizan e manteñen o seu dinamismo. Esta cohesión natural do grupo, labrada a través de moitos séculos de historia colectiva, foi reforzada e robustecida pola Igrexa dándolle uns elementos determinantes para a conciencia parroquial. Dotouna de rexistros parroquiais, fóronse creando desde o concilio de Trento en 1545, aínda que nas parroquias rurais tardarán en establecerse. A igrexa creou ademais un vínculo espiritual como é o patrón titular da parroquia co seu culto e a festa na súa honra, un templo que convoca aos fregueses por medio do toque diferenciado das súas campás para as celebracións rituais e ocasionais, un cemiterio para cada parroquia, onde os mortos descansan en terreo sagrado preto dos vivos; un adro para as celebracións festivas e que serve de foro de asembleas, comunicados e relacións sociais. A parroquia ven a ser un espacio de convivencia, creación de valores, tanto humanos como espirituais, e fonte de identidade familiar e persoal. A nosa parroquia sempre se sentiu orgullosa da súa terra e de certas costumes, non así das súas campás xa que soaban mellor as de Labrada e Os Vilares.

Os libros parroquiais datan do século XVII, tanto os libros de partidas como os de contas denominados libros de fábrica ou os das confrarías. Comparado con outras parroquias, probablemente urxidos polos visitantes do bispado de Mondoñedo e dos monxes de Monfero, no Buriz os libros comezan en datas dos primeiros decenios do século XVII. O primeiro libro que temos é o libro da Obra Pía do Santísimo que comeza en 1609. O da Confraría de nosa Señora do Rosario en 1613. O da Confraría do Santísimo no 1616, e o primeiro Libro de Fábrica comeza en 1630. Nada mais que con esta simple enumeración vemos que se trataba dunha parroquia con fondo sentido relixioso, e con participación dos leigos nas celebracións da piedade popular, potenciada ao longo da Baixa Idade Media en toda a Igrexa.

Unha figura de longa tradición eran as testemuñas sinodais, eran dous ou tres veciños, chamados para informar da vida e costumes da parroquia cando viñan os visitantes do bispo, ou o mesmo bispo, á visita pastoral. Probablemente estas coincidían cos “homes bos” que eran chamados para intervir en preitos e poñer a ben aos veciños entre sí. Cada ano tamén se nomeaba un mordomo ou administrador dos bens da igrexa, a quen tomaban contas dous contadores ao remate do ano. Esta figura está presente en todas as confrarías, libros de fábrica e calquera outro asunto no que haxa que administrar algún ben común da Igrexa ou dos veciños.

Era ademais cometido do mordomo a información sobre a parroquia: límites, número de veciños, se había escribáns, acontecementos ou alteracións producidas na vida ordinaria. En 1745 reciben unha orde especial de comprobar se faltaban mulleres da parroquia durante a época das segas en Castela a onde lles estaba prohibido ir en compañía dos homes. Para pasaren inadvertidas disfrazábanse de homes, neste caso o mordomo estaba obrigado a denunciar a súa ausencia. Sobre este asunto alertara o cardeal Molina en 1741 cunha serie de advertencias e recomendacións que logo os bispos van secundar. O bispo de Mondoñedo, Sarmiento ordena, en 1750, que non vaian ás segas fóra do bispado mulleres e homes xuntos polos desordes que se producen. A situación non debera mellorar porque en 1754 o Capitán Xeneral de Galicia ordena:

“Que las Justicias y mayordomos vigilen sobre la observancia de ello y den cuenta inmediatamente cuando falte cualquier mujer de la feligresía prendiendo y embargando los bienes de la persona a cuyo cuidado esté, lo que cumplan las justicias, pena de cincuenta ducados y de treinta los mayordomos; que en caso de hallarse algunas mujeres que van a los trabajos vestidas de hombres, además de las penas referidas, se les imponga a ella y al que la llevare la de vergüenza pública”.

Na nosa parroquia había dúas clases de segas; as de Castela e as de Lugo. As de Castela ían os homes xoves e mesmo adolescentes, pero non se recorda que fosen mulleres. E íase tamén as segas a Lugo. Alí si que ían mulleres e homes, xeralmente en parexas de segador e atadora.

Sempre traían moito que contar das súas andanzas polas restrebas e palleiras do entorno de Lugo.

Despois de 1812 que se organizaron os concellos constitucionais, no orde social, aparece a figura do alcalde de barrio e alcalde pedáneo, ou simplemente pedáneo. A palabra pedáneo ten a súa orixe na época romana e designaba á persoa que se ocupaba na resolución de causas leves e xulgaba el só, no acto, e facíao de pé, e so no territorio limitado que lle competía. Por tanto podemos dicir que os mordomos, alcaldes pedáneos ou simplemente pedáneos tiñan certas competencias e responsabilidades políticas na comunidade parroquial durante o antigo réxime quedando reducidas nos actuais concellos constitucionais a simples delegados do alcalde do concello.